

Pedimos a vosa colaboración para celebrar ao grande a nosa estupenda e terrorífica festa de samain. Como este ano non podemos decorar o centro, propoñémosvos, de xeito voluntario, realizar nos vosos fogares unha manualidade de carácter libre PERO O MÁIS TERRORÍFICA POSIBLE!!! vasoiras, cabazas, teas de araña, gorros de bruxa (pode facerse con material de refugallo, paus, pallas...), e sacar unha foto na que... DEIXEDES VOAR A VOSA IMAGINACIÓN!!!! Lembrade que na foto tedes que aparecer xunto á vosa manualidade. Desde os luns 19 ate o luns 26 subídeo á AULA VIRTUAL ou na plataforma EDIXGAL para 5º e 6º. Este ano a exposición terá que ser virtual e poderedes visitala a través da web a partir do 30 de outubro.

### NON ESQUEZAS!!!

Podes vir disfrazado o día 30 de outubro. Por mor da COVID 19, lembra traer a máscara e non pintar a cara na zona da boca e o nariz. Por seguridade non está permitido traer nada nas mans nin tampouco obxectos punzantes.

CEIP Plurilingüe A Cristina -Carballo-



Achegámonos ao día máis terrorífico do ano... o Samaín.

Desde o CEIP Plurilingüe A Cristina non queremos faltar á súa celebración a pesar das circunstancias.

Este ano, atopámonos no centro inmersos no mundo das lendas da nosa cultura galega. As lendas son narracións de carácter oral ou escrito que inclúen elementos fantásticos de tipo mitolóxico ou imaxinativo. Son relatos fabulosos que pretenden explicar acontecementos inexplicables nas que intervénen personaxes simbólicos que representan forzas da natureza ou aspectos da condición humana.

Ademais, as lendas invitan ás novas xeracións a que coñezan os seres que lle daban medo aos avós e avoas nas noites escuras, formando por tanto, parte fundamental e imprescindible da nosa historia e cultura que é moi necesario conservar e transmitir. É por iso que a continuación vos presentamos a nosa selección para aprender a ter medo e divertirnos con estas personaxes non tan coñecidas pero igual de interesantes e apaixonantes que as que habitualmente escoitamos.




## A COMPAÑA DA CRUZ DE PEDRA

Cando os habitantes do Campo, unha pequena aldea das Grañas do Sor, en Ortigueira (A Coruña), ían ou volvían de xogar ás cartas pola noite, moitos afirmaban ver toda as noites a chamada "Santa Compañía"; espíritos, almas e cousas así.

Un día, un habitante que non cría todas esas visións dos demais, burlouse deles. E cando volvía de xogar ás cartas e pasaba pola chamada Cruz de Pedra unha estraña forza arrastrouno, rompeulle toda a roupa e encheuno de barro e terra.

## O HOME DO SACO

O home do saco é un personaxe lexendario. Normalmente represéntase como un home que deambula polas rúas despois do anoitecer en busca de nenos perdidos para levalos nun gran saco a un lugar desconñecido. Este personaxe caracterízase como un susto aos nenos e úsase como argumento para meterlles medo e obrigalos a volver á casa á primeira hora. É semellante ao coco e ao sacauntos.



## MARIMANTA

É unha anciá fea e encorvada que leva un saco ás costas encorvado pedindo humildemente esmola. É conveniente cumplir o seu desexo porque se trata da muller do saco, que rouba aos nenos e fainos desaparecer. Crese que Marimanta non é do país, pero si que veu de moi lonxe, probablemente por mar na época dos celtas. Ao máis mínimo descoido, mete un neno no bolso e desaparece. Polo tanto, se a chaqueta está abultada, detena e abanéaa ata que solte a roupa, así liberarás á vítima que, doutro xeito, nunca máis verías. O que ninguén pudo saber áinda é cara a onde leva ás criaturas que secuestra.

